

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN DA PRAZA DE MONITOR DEPORTIVO DO PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA).

EXPEDIENTE: 2064/2022.

En data 23 de outubro de 2023 e sendo as 11:30 horas, reúnese o Tribunal Cualificador do Proceso Excepcional de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Lalín, convocado para a cobertura de 3 prazas de Monitor Deportivo (2 a xornada completa e 1 a xornada parcial do 50%) para o ingreso por Concurso-Oposición.

Baixo a presidencia de Don Manuel Carramal Silva; e coa asistencia do vogal: D. Antonio Santos Guerra; actuando como Secretario D. Román Pérez García, quen dá fe do acto.

Enténdese constituído o tribunal posto que existe quorum.

1.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.

Na sesión celebrada en Xunta de Goberno Local na data 20/12/2022 aprobáronse as Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello.

Con data 15/0/2023 emitíuse a Acta de Constitución do Tribunal, na que por parte do Presidente e, trala comunicación co resto das persoas integrantes do tribunal cualificador dos presentes procesos selectivos, enténdese necesario ter unha reunión previa co gallo de acordar a data e lugar para a realización do exame tipo test e así, poder organizar a elaboración da fase de oposición de Monitor Deportivo.



2.- PERÍODO DE ALEGACIONES

Con data 11 de outubro de 2023 publicouse a Acta emitida por este Tribunal Cualificador, cos resultados provisionais da proba tipo test da fase de oposición de dito proceso selectivo de Monitor/a deportivo, na que se concedía un prazo de cinco días hábiles para que as persoas aspirantes puideran presentar as alegacións que consideren oportunas a partir do día seguinte á publicación desta Acta na páxina web e na sede electrónica deste Concello de Lalín.

Dentro de dito prazo, e con data 18/10/2023 foi presentado escrito de alegacións por D. David Taboada Varela, (RE 2023-E-RC-8455). Dita alegación rexeitase de conformidade cós argumentos esgrimidos no informe emitido ao efecto por este Tribunal, do cal se lle procede a remitir notificación ao interesado.

3.- CORRECCIÓN DA PROBA

Con posterioridade á finalización do prazo de alegacións, tal e como se indica no punto anterior, as puntuacións definitivas acadadas polos aspirantes, por orden decrecente, son as seguintes:

Número de código	Puntuación
PfiRze	36,50
VtwqK4	33,50
f5EU9r	33,25
3NDJ7y	20,00
m9jL2w	15,00

4- ANONIMATO DOS ASPIRANTES.

Á vista das indicacións dadas polo Tribunal o día da proba tipo test aos aspirantes, de introducir nun sobre pechado os seus datos xunto co código que se lles asignou co fin de preservar o seu anonimato, e reunido este mesmo Tribunal, procedese a apertura de ditos sobres. En consecuencia, fanse públicas as puntuacións definitivas outorgadas ás persoas aspirantes que superaron a primeira proba do proceso selectivo:



Número de código	Nome e Apelidos	Puntuación
PfiRze	Belén Silva Sánchez	36,50
VtwqK4	Daniel Currás González	33,50
f5EU9r	Martín Iglesias Varela	33,25

5- FINALIZACIÓN DA SESIÓN:

Ás 12:00 horas o Presidente da por rematada a sesión, de todo do que eu, como secretario dou fe.

